


Grigori Y. Perelman (Leningrado, Rusia, 1966-)



Matemático ruso que fixo históricas contribucións á xeometría riemanniana e á topoloxía xeométrica.

Demostrou a conxectura de xeometrización de Thurston, o que lle permitiu resolver a famosa conxectura de Poincaré (proposta en 1904), considerada unha das hipóteses matemáticas máis importantes e difíciles de demostrar.

En agosto de 2006 outorgóuselle a Medalla Fields por «as súas contribucións á xeometría e as súas ideas revolucionarias na estrutura analítica e xeométrica do fluxo de Ricci».

A Medalla Fields está considerada o maior honor que pode recibir un matemático. El declinou o premio, así como asistir ao Congreso Internacional de Matemáticas, onde se lle faría entrega del.

Tamén rexeitou, en 2010, o premio, dun millón de dólares, que lle concedeu o Instituto de Matemáticas Clay, pola resolución da conxectura de Poincaré.

E declarou:

Non quero estar exposto como un animal no zoolóxico. Non son un heroe das Matemáticas. Nin sequera son tan exitoso. Non quero que todo o mundo me mire.